

Príncipes e escravos

Oroonoko

Aphra Behn (trad. de M^a Fe González Fernández)

Hugin e Munin, 2012, 104 páxinas, 12 euros

A editora compostelá Hugin e Munin continúa un trimestre máis coas súas achegas ao acervo de obras dispoñíbeis na nosa lingua. Nesta ocasión, xunto cunha das obras senlleiras do Pasolini escritor, chéganos outro clásico pouco coñecido no noso contexto cultural, polo menos fóra do ámbito académico. E poñemos o acento no do ámbito académico porque non cabe dúbida de que en Aphra Behn, unha das primeiras mulleres que se dedicou á escrita profesional en inglés, e ao mesmo tempo parte da colonia inglesa do Surinam (posteriormente cedida aos Países Baixos), conflúen dúas das características que máis teñen motivado os estudos literarios das últimas décadas: a literatura de xénero e a cuestión poscolonial.

Aphra Behn é unha pioneira, se cadra máis no sentido literario que no da colonización. As súas obras cóntanse a miúdo entre os primeiros exemplos da novela inglesa, da que esta *Oroonoko* (publicada por primeira vez en 1688) sería o máis destacábel. Ao mesmo tempo, a súa figura autorial exerce un peso máis que determinante na tradición literaria inglesa, sendo sinalada tamén como influencia positiva e un exemplo a seguir por outras escritoras posteriores, como Virginia Woolf, que non deixaban de seguir lidando con algúns dos problemas das mulleres escritoras aos que ela se enfrontara na súa época.

Oroonoko é unha historia situada entre as dúas beiras do Atlántico e sorprende, sobre todo, que ningunha desas beiras estea situada ao Norte e que os dous polos da historia estean entre o continente africano e a colonia de Surinam, na América do Sur. A acción comeza cando Oroonoko, príncipe dunha tribo africana, se atopa coa amarga situación de ver a súa prometida entrar como concubina ao servizo do seu avó, o rei. Tras unha serie de avatares que separan os seus camiños, o príncipe e a súa amada vanse atopar insospeitadamente no outro lado do mar, ambos os dous reducidos á condición de escravos da colonia inglesa, pero cunha paixón aínda viva e unha sede de liberdade polas que estarán dispostos a loitar.

A narración, que alterna a primeira e a terceira persoa, inclúe trazos que a presentan como un relato testemuñal, no que a propia narradora trataría aos protagonistas e sería parte dalgunhas das súas andanzas. O debate sobre a súa historicidade foi, por tanto, frecuente, e favorecido polo feito de referirse a un mundo que desaparecera, toda vez que a colonia inglesa no Surinam foi disgregada en canto o territorio pasou a mans neerlandesas. Lonxe da imposíbel cuestión de pretender descubrir que parte de relato histórico hai tras a novela, hai que valorar o reflexo que a mesma dá dunha sociedade escravista e das súas dinámicas de captura, tortura e aldraxe cara a unha poboación que despreza polo feito de non ser europea e non estar cristianizada. Esta sociedade, plenamente vixente no momento de produción da obra, foi sobradamente coñecida pola autora no seu propio contexto vital e podemos aventurar que o seu reflexo implica tamén unha parte de crítica social, que se ben non é trasladábel a conceptos contemporáneos, si que pode

emparentarse con algúns deles.

En efecto, *Oroonoko* anticipa en máis de cen anos o primeiro movemento inglés organizado en contra da escravitude. O feito de que o seu protagonista sexa un príncipe africano sometido polo azar e o infortunio que mesmo como escravo mantén a súa nobreza natural, entróncao máis ben coa idea do *bo salvaxe* que anos despois se consolidaría durante a Ilustración. A bondade e nobreza intrínsecas ao ser humano, que se poden aínda percibir nas sociedades indíxenas, e que a miúdo faltan nas máis civilizadas, brillan por riba dunha interpretación puramente abolicionista, que sen dúbida resultaría anacrónica no contexto orixinal da obra. E porén, non deixamos de percibir que, aínda nesas coordenadas, hai moito nese retrato das infamias de comerciantes e bos cristiáns que segue a ter unha dolorosa actualidade.

Hai que destacar tamén o feito de que *Oroonoko* (ou polo menos a presente tradución á nosa lingua) nos ofrece unha lectura áxil e fluída, cunha trama chea de acción, que por momentos nos fan dubidar que esteamos ante unha novela do século XVII, e aínda que a obra se conte entre aquelas que configuraron un xénero que tan ben soubo adiantar nalgúns aspectos.